


# Defensa e promoción da competencia en Galicia

Gañar en competencia nos beneficia a tod@s

## as razóns principais para elaborar este Plan

- O desexo de realizar un exercicio de reflexión e planificación estratéxica que dé sentido de dirección a organización.
  - Punto e seguido para unha etapa de consolidación e reforzo da institución.
    - A necesidade de definir os obxetivos e liñas de actuación prioritarias que facilite o seguimento, avaliación e difusión da actividade da Comisión.

## PLAN ESTRATÉXICO 2020-2024



Contexto do Plan

- ❖ A Comisión Galega da Competencia
- ❖ A defensa e promoción da competencia

## ❖ A Comisión Galega da Competencia

A Comisión Galega da Competencia (CGC) é o órgano colexiado independente, adscrito ao Instituto Gallego do Consumo e da Competencia, encargada da aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Lei de defensa da competencia (LDC), consonte os criterios establecidos pola Lei de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

A CGC ten atribuída a defensa e promoción da competencia en Galicia. Entre os seus obxectivos está o incrementar o nivel de competencia. Nunha contorna competitiva os consumidores e usuarios teñen acceso a máis e mellores produtos así como a prezos diferentes que lles permitirán elixir en función das súas necesidades, as empresas veranse estimuladas a innovar para atraer a máis clientes e as administracións públicas poderán aplicar os recursos públicos de forma máis eficiente.

A CGC ten instrumentos para a defensa e a promoción da competencia, dúas dimensións dunha mesma realidade e cun obxectivo común: mellorar os niveis de competencia en Galicia

A defensa da competencia conséguese mediante a instrución e resolución dos procedementos que se tramiten sobre condutas relativas a:

- ✓ Acordos, decisións ou recomendacións colectivas, ou prácticas concertadas ou conscientemente paralelas, prohibidas no artigo 1º, da LDC.
- ✓ Condutas de explotación abusiva por unha ou varias empresas da súa posición de dominio no mercado, prohibidas polo artigo 2º da LDC.
- ✓ Actos de competencia desleal que por falsear a libre competencia afecten interese público, prohibidos polo artigo 3º da LDC

## Contexto do Plan

A Comisión Galega da Competencia exerce as seguintes funcións:

- Instruír e resolver expedientes sobre condutas prohibidas pola Lei de defensa da competencia e de control de axudas públicas.
- Informar sobre cuestións relativas á defensa da competencia, a solicitude do Parlamento de Galicia, o Consello da Xunta de Galicia, os seus conselleiros ou conselleiras, corporacións locais de Galicia, asociacións de persoas consumidoras e usuarias ou de empresarios/ as ou produtores/ as.
- Promover a competencia efectiva nos mercados da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Realizar estudos e traballos de investigación dos sectores económicos, analizando a situación e o grao de competencia de cada un deles, así como a existencia de prácticas restritivas, e recomendar a adopción de medidas conducentes á remoción dos obstáculos nos que se ampare a restrición no marco da política económica xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Actuar como órgano de asesoramento da Administración autonómica en materia de defensa da competencia.



## Contexto do Plan

- Función de asesoramento e representación.
- Informar de modo preceptivo non vinculante sobre os anteproxectos de lei e proxectos doutras disposicións autonómicas de carácter xeral que poidan ter algún efecto sobre a competencia efectiva nos mercados.
- Vixiar o funcionamento competitivo dos mercados para garantir os niveis de competencia efectiva nos mesmos en beneficio das persoas consumidoras e usuarias de Galicia.
- Elaborar informes no marco da Lei de defensa da competencia en materia de axudas públicas
- Impoñer multas sancionadoras e coercitivas e adoptar outras medidas de execución forzosa previstas na normativa vixente, nos termos previstos na Lei de defensa da competencia.
- Sancionar os comportamentos anticompetitivos producidos no ámbito da contratación do sector público, en particular, os comunicados polos órganos de contratación, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia e os órganos competentes para resolver o recurso especial en materia de contratación, consonte o disposto no artigo 23, apartado 3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

## Contexto do Plan

- Impugnar os actos e disposicións xerais de rango inferior á lei das administracións públicas autonómicas e locais da Comunidade Autónoma de Galicia suxeitas a dereito administrativo, dos que deriven obstáculos á competencia efectiva nos mercados
- Realizar as funcións de arbitraje entre operadores económicos, consonte a Lei de defensa da competencia.
- Realizar funcións de colaboración e coordinación coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, os órganos xudiciais e os organismos reguladores.
- Emitir informe acerca da posible vulneración da normativa de unidade de mercado naqueles casos que se consideren de interese para o mantemento ou defensa da libre competencia na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Calquera outra que lle atribúan estes estatutos ou as demais normas que resulten de aplicación.

Estratexia 2020-2024



❖ **7 Obxetivos estratéxicos**

❖ **21 Líñas estratéxicas de actuación**

## Objetivos

## Líñas estratéxicas de actuación

1 Consolidar e visibilizar a institución



❖ 1 Visibilidade institucional ante os cidadans, as empresas e as propias administracións públicas

2 Defender a competencia nos mercados



❖ 2 Colaboración con autoridades da competencia

❖ 3 Colaboración con institucións e axentes sociais

3 Potenciar a promoción da competencia



❖ 4 Vixía proactiva dos mercados

❖ 5 Aplicación efectiva do procedemento sancionador

❖ 6 Profundización no coñecemento do mercado

❖ 7 Promoción da cultura da competencia: o lícito e o ilícito en materia de competencia

❖ 8 Vixía e promoción no ámbito normativo

❖ 9 Actuacións coma órgano consultivo

4 Mellorar a eficiencia dos procedementos internos



❖ 10 Profesionalización e especialización do equipo técnico

❖ 11 Xestión avanzada e innovadora

❖ 12 Promover a formación do persoal e a colaboración con expertos

## Obxetivos

## Líñas estratéxicas de actuación

### 5 Facer crecer a institución

- ❖ 13 Dispor dos recursos humanos especializados como punto de partida para unha efectiva independencia.
- ❖ 14 Potenciar as funcións de asesoramento
- ❖ 15 Ter presenza nas principais organizacións en materia de defensa da competencia

### 6 Chegar o cidadán

- ❖ 16 Promocionar a CGC como institución eficaz
- ❖ 17 Mellorar a comunicación de resultados e potenciar a colaboración con axentes cidadans

## Obxetivos

### 7 Consolidar os ámbitos de actuación



## Líñas estratéxicas de actuación

- ❖ 18 Mellorar os mecanismos de colaboración coa CNMC e Autoridades Autonómicas
- ❖ 19 Crecer na defensa e promoción da competencia, en especial, na contratación pública
- ❖ 20 Establecer vías de colaboración co Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (Tacgal)
- ❖ 21 Dispor de medios para unha mellor detección e investigación de prácticas anticompetitivas

Plan de Acción  
2020-2021

❖ Actuacions previstas

- De carácter Institucional
- De carácter interno
- De carácter externo

❖ Accions de interese principal

- Covid-19
- Directiva ECN+
- Contratación pública

## Actuacions previstas

En 2021 a CGC expone dar continuidade ás liñas de actuación dentro do seu Plan Estratéxico actuando en todo momento baixo principios de utilidade, rigor, proactividad, transparencia e independencia.

### ACCIÓN INSTITUCIONAL:

1. Dar maior visibilidade á acción institucional no ámbito da CGC.
2. Promover e mellorar os mecanismos de colaboración coa CNMC e as demais Autoridades Autonómica de Competencia.
3. Aumentar a vixilancia de mercados en risco de colusión: en especial no ámbito da contratación Pública.
4. Elaboración de guías prácticas e a programación de novas actividades de difusión en colaboración coa EGAP, o Consello de Contas, o TACGAL, universidades e outros axentes.



## Actuacions previstas

## ACCIÓN DE CARÁCTER INTERNO:

1. Mellorar a eficiencia dos procedementos internos (máis axilidade sen diminución da seguridade xurídica)
2. Promover a formación de persoal propio, da Administración autonómica e local así como a colaboración con expertos, potenciando áreas de especialización nas universidades galegas
3. Dispoñer de medios para unha mellor detección e investigación de prácticas anticompetitivas.
4. Ampliar os medios técnicos e humanos para o bo desempeño do labor encomendado.
5. A revisión e mellora de ferramentas e sistemas TIC
6. Re deseño de web institucional co obxecto de obter niveis óptimos de transparencia e acceso á información.
7. Plan de difusión e alcance en redes sociais.

## Actuacions previstas

### ACCIONES DE CARÁCTER EXTERNO:

1. Potenciar a colaboración coas Administración Local e institucional, axentes e cidadáns.
2. Potenciar as funcións de asesoramento preventivo e reactivo: o reto da contratación pública eficiente.
3. Chegar ao cidadán formando e comunicando máis e mellor.
4. Establecer as canles de información e participación claros e accesibles.
5. Estudo implantación rexistro de lobbies

## ❖ Accions de interese principal

### ○ Covid-19

Nas circunstancias actuais de pandemia, a prioridade da CGC é a protección dos consumidores, así, traballaremos en:

- Vixilancia sobre abusos de posicións dominantes mediante prezos excesivos.
- Vixilancia sobre acordo anticompetitivos entre operadores ou enganos masivos en bens e servizos afectados pola crise sanitaria.
- Avaliación de prácticas dos distintos operadores económicos e as súas diversas formas de cooperación para facilitar a subministración dos produtos esenciais.
- Vixilancia de prácticas anticompetitivas, especialmente referidas a prezos, que non poidan explicarse polas condicións de oferta e demanda do mercado

## ❖ Accions de interese principal

### ○ Directiva ECN+

- ❑ A Directiva 2019/1 do Parlamento Europeo e o Consello, está encamiñada a dotar ás autoridades de competencia dos Estados membros de medios para aplicar máis eficazmente as normas sobre competencia e garantir o correcto funcionamento do mercado interior (a “Directiva ECN+)
- ❑ O obxectivo reforzar a actual Rede Europea de Competencia ( European Competition Network, segundo as súas siglas en inglés, ou ECN), creada pola Comisión Europea en 2004 para descentralizar a aplicación da lexislación comunitaria de competencia, facultando ás autoridades nacionais de competencia (“ANC”) dos Estados membros para aplicar os artigos 101 e 102 do Tratado de Funcionamento da UE (“TFUE”)
- ❑ Colaborar nos traballos para a pronta transposición da Directiva ECN+ e a adaptación da Lei 15/2007
- ❑ O prazo de transposición da Directiva 2019/1 é febreiro de 2021
- ❑ CNC debe estar presente nas accións de desenvolvemento e consolidación da Directiva así como ser actor do cambio e aproveitar as oportunidades que poidan xurdir do impulso institucional

❖ **Accions de interese principal**

○ **Contratación pública**

- A competencia entre as empresas que contratan coa Administración impúlsalles a ser máis eficientes, a mellorar a calidade dos seus produtos e servizos e a innovar. Iso ademais, permite reducir o gasto público e dispoñer de máis fondos para as políticas públicas.
- Priorizar os esforzos de detección de posibles distorsiones da competencia en actos administrativos, disposicións xerais e contratación pública.
- Continuar e adaptar vínculos e relación en materia de dereito da competencia con organismos/tribunais de contratación pública.
- Elaborar un plan formativo no ámbito da contratación pública que promocioe a competencia

❖ Avance nos obxetivos, liñas e proposta de accións puntuais

- Implantar sistemática para o seguimento e avaliación deste plan estratéxico baseado nun sistema de mellora continua.
- Para lograr a mellora continua, entendendo como tal a mellora continuada da calidade do plan estratéxico (grao de execución, identificación e diminución de sentenzas, aumento da eficacia e eficiencia, solución de problemas...) o plan será reevaluado periodicamente para incorporar novas melloras.
- A avaliación servirá para controlar o estado de desenvolvemento co obxectivo de ter unha visión detallada do seu estado, grao de execución e buscar formas de perfecciónalo.

**IGCC** | COMISIÓN  
GALEGA DA  
COMPETENCIA

## **PLAN ESTRATÉXICO 2020-2024**